

Traballadorxs das Pontes: temos que recuperar a nosa voz



Estamos a vivir nosa comarca un momento crucial para xs traballadorxs: unha empresa do oligopolio enerxético, **Endesa, ten secuestrado o noso futuro** e provoca a vulneración dos nosos dereitos laborais, abocando ao paro e miseria vital de milleiros de nós sen asumir ningún tipo de responsabilidade sobre a situación que está a provocar.

Mentres o negocio lles foi rendible, aproveitaron a situación ata o fondo, dun xeito voraz, cobizoso e depredador do medio natural. **Agora que comeza a non haber negocio, ameazan co abandono para poder ir roubar a outros lugares**, quizás outros países, aínda sen explotar.

Para a **CGT** isto é inadmisíbel, **Endesa e o resto de empresas que se beneficiaron todos estes anos son responsables dos postos de traballo que agora están en perigo e calquera solución de futuro pasa polo establecemento de plans sustentables que aseguren unha transición xusta con postos de traballo sen perdas de dereitos, postos de traballo sostíbeis, non precarios e de calidade.**

Nesta conxuntura, **non esquecemos o papel das institucións e dxs políticxs, cómplices durante tantos anos das empresas**, ás que permitiron campar ás súas anchas e que fomentaron a esquilma da natureza de xeito ilimitado.

O mellor xeito de combater estes abusos mafiosos é **a organización dos traballadorxs e iso debemos facelo de forma autónoma e tomando o control na defensa dos nosos dereitos.**

Non é só un problema do persoal de Endesa. **O emprego nas empresas auxiliares está en grave risco. Non podemos ceder, nin permitir, ningunha agresión contra os postos de traballo.** Precisamos organizarnos ante as lóxicas de lucro incesante da patronal. Diferenciarnos doutros espazos que intentan monopolizar as loitas e as transforman en banderíns de enganxe electoreiros. **Temos a capacidade para construír unha**

**ferramenta de loita con vida propia, baseada na solidariedade e no apoio mutuo,
de xeito que nós sexamos donxs das nosas decisións con independencia das
institucións e dos poderes políticos. POR UNHA TRANSICIÓN XUSTA! POLA DEFENSA DOS POSTOS DE
TRABALLO!**

Comité da **CGT** da Coruña